NOTICIAS DE PREESCOLAR NA CASA

Preescolar na Casa recibe o Reconecemento UNICEF a Solidaridade

A FUNDACIÓN PREESCOLAR NA CASA recibiu o RECONECEMENTO UNICEF a Soli-danedade, polo seu compromiso coa Infancia galega e o seu apoio a UNICEF na difusión dos Dereitos da Infancia. Con este premio UNICEF recorïece a labor realizada por Preescolar na Casa nos ültimos 30 anos.

O Presidente da Fundación Preescolar na Casa, D. Alejandro Fernandez Pumarino reco-lleu este importante galardón o 15 de xuno, nun acto celebrado na sede da Fundación Lazaro Galdiano, en Madrid, onde se entrega-ron os Reconecementos de UNICEF-Comité Esparïol a Sohdariedade, baixo a presidencia da S.A R. a Infanta Dona Margarita de Borbón, Duquesa de Soria (na foto, vemos ó Presidente da Fundación PnC recoller o pre-mio de mans da Infanta Dona Margarita, ante a Presidenta de UNICEF Espana, Dona Con-suelo Crespo).

Este premio concedido a todos e cada un dos que traballamos en Preescolar na Casa-Educar en Familia supón un estimulo e un reto, o estimulo de ver reconecida a labor a carón das familias e das nenas e nenos galegos e o reto de crear cultura de educación infantil fami-liar na sociedade.

A nosa sociedade, que colocou o punto de mira nos logros económicos, no éxito persoal e no prestixio profesional detecta tamén a falta de protagonismo da familia nos comportamentos de nenos e rapaces. Por iso cómpre reivindicar mais tempos e presenzas dos pais a carón dos fillos, mais tempo e presenza da familia.
En Preescolar na Casa-Educar en Familia estamos e estaremos a carón das familias gale-gas. Estamos e estaremos a carón das nenas e dos nenos, reivindicando o seu dereito a vivir aquf e agora, reclamando o seu dereito a seren nenos e nenas Con todos os dereitos. Con todos os deberes.

Preescolar na Casa, n ° 148